

Programación de Dibujo

IES de MONTERROSO

Curso 2021-2022

INDICE		Páxina		
1	INTRODUCCIÓN	5		
	ESO			
	Bacharelato Artístico			
	Bachelorato Técnico			
2	CONTEXTO	7		
	Características do centro			
	Características do alumnado			
3	OBXECTIVOS	10		
	ESO			
	Bacharelato			
4	SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	13		
	1º ESO			
	3º ESO			
	4º ESO			
	1º Bachelorato Técnico			
	1º Bachelorato. Debuxo Artístico			
	2º Bachelorato Artístico			
	2º Bachelorato Técnico			
5	RELACIÓN DE ASPECTOS CURRICULARES PARA CADA UNIDADE Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares. Grado mínimo de consecución. Peso na cualificación. Grado mínimo de consecución. Peso na cualificación. Instrumentos de avaliación. Temas transversales	24		
	1º ESO			
	3º ESO			
	4º ESO			
	1º Bachelorato Técnico			
	1º Bachelorato. Debuxo Artístico			
	2º Bachelorato Artístico			
	2º Bachelorato Técnico			
	6		METODOLOXÍA DIDÁCTICA:	41
			Estratexias metodolóxicas	

	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos	
7	AVALIACIÓN	43
	Avaliación inicial	
	Procedemento para a avaliación inicial	
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)	
	Avaliación continua	
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas a valorar	
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.	
	Elaboración da nota media	
	Recuperación dunha proba ou exame	
	Recuperación dunha avaliación	
	Avaliación final (ESO- BACH)	
	Quen debe ir á avaliación final?	
	En que consistirá a proba?	
	Que estándares se van a avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	Avaliación extraordinaria (ESO- BACH)	
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	Materias pendentes de cursos anteriores	
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
8	OUTRAS AVALIACIÓNS	52
	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	Avaliación da programación didáctica	
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
9	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	56
	Medidas ordinarias: Organizativas e curriculares	
	Medidas extraordinarias: Organizativas e curriculares	

10	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	
	Referencia ás actividades complementarias e extraescolares recollidas na PXA.	58
11	DATOS DO DEPARTAMENTO	59
12	RELACIÓN COA RESOLUCIÓN DO 27/07/2015 (DOG 29)	59

1.- Introducción

ESO

Se noutras épocas históricas era a palabra, tanto na súa expresión oral como escrita, a principal forma de expresión e de transmisión de ideas e sentimentos, non cabe dúbida de que na época na que estamos inmersos/as a imaxe cobrou un protagonismo sen precedentes en ningunha outra época da historia da humanidade. A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual parte dos bloques impartidos na educación primaria na área de Educación Artística. A parte destinada á educación plástica xa anticipaba os mesmos bloques dos que parte a materia en ESO, baixo as denominacións de "Educación audiovisual", "Debuxo técnico" e "Expresión artística". Nos tres primeiros cursos da ESO esta materia estrutúrase en tres bloques: "Expresión plástica", "Comunicación audiovisual" e "Debuxo técnico". En cuarto da ESO os bloques nos que se estrutura a materia son: "Expresión plástica", "Debuxo técnico", "Fundamentos do deseño" e "Linguaxe audiovisual e multimedia".

O bloque de "Expresión plástica" experimenta con materiais e técnicas diversas na aprendizaxe do proceso de creación. Inténtase darlle ao alumnado unha maior autonomía na creación de obras persoais, axudando a planificar mellor os pasos na realización de proxectos artísticos, tanto propios coma colectivos. Analízanse as características da linguaxe audiovisual desde a cal se realiza a análise crítica das imaxes que nos rodean. Faise, tamén, especial fincapé no uso das tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas á imaxe. No bloque titulado "Debuxo técnico" trasládanse coñecementos teórico-prácticos sobre formas xeométricas e sistemas de representación, e aplícanse estes coñecementos á resolución de problemas e á realización de deseños. No cuarto curso, considerando a madureza do alumnado e os coñecementos adquiridos, incorpórase o bloque de "Fundamentos do deseño", que vai permitir o coñecemento dos fundamentos do deseño nas súas diferentes áreas, desenvolvendo, desde un punto de vista práctico, os coñecementos adquiridos no resto de bloques.

BACHARELATO

Debuxo Artístico

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

As materias Debuxo Artístico I e II achegan coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensínase e aplícase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e

goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico I estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

Debuxo Artístico II estrutúrase noutros cinco bloques de contido: "A forma: estudo e transformación", "A expresión da subxectividade", "Debuxo e perspectiva", "O corpo humano como modelo" e "O debuxo no proceso creativo".

Debuxo Técnico

Entre as finalidades de Debuxo Técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada **de acordo** coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante **imaxes** planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcese gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o/a estudante teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso **afondar** algúns aspectos desta materia.

Ao longo do segundo curso introdúcese un bloque novo ("Documentación gráfica de proxectos"), en lugar de "Normalización", para a integración das destrezas adquiridas na etapa.

Xa que logo, os elementos do currículo básico da materia agrupáronse en tres bloques interrelacionados: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización" ou "Documentación gráfica de proxectos".

No primeiro bloque, desenvóléronse durante os dous cursos que compoñen esta etapa os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque **dedicado aos** sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos **cotados**. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os **inconvenientes** de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar o/a estudante dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas. Este bloque está nomeadamente relacionado co proceso de elaboración de proxectos, obxecto do derradeiro bloque, polo que, aínda que a secuencia establecida sitúa este bloque de maneira específica no primeiro curso, a súa condición de linguaxe universal fai que a súa utilización sexa unha constante ao longo da etapa. O proxecto ten como obxectivo principal que o/a estudante mobilice e interrelacione os elementos adquiridos ao longo de toda a etapa e que os empregue para elaborar e presentar de xeito individual e colectivo os bosqueños, esbozos e planos necesarios para a definición dun proxecto sinxelo relacionado co deseño gráfico, industrial ou arquitectónico.

2.- Contexto

2.1- Características do centro.

a) Situación.

O I.E.S de Monterroso está situado no núcleo poboacional de Monterroso que limita ó norte cos concellos de Guntín e Palas de Rei; ó oeste con Palas de Rei e Antas de Ulla; ó este con Portomarín, Taboada e Guntín, e o sur con Taboada e Antas de Ulla.

A extensión do concello de Monterroso é de 114,6 Km² e sitúase no Suroeste da provincia de Lugo, practicamente no centro desta. É unha comarca eminentemente rural, aínda que cada vez faise máis apreciable o proceso de concentración urbán propio destes tempos.

O concello de Monterroso ten un total de 4529 habitantes. O núcleo urbán, con 1774 h, constitúe o 37,9% da poboación total, en comparación cos 22 núcleos rurais con menos de 100 h. que representan só o 31,1%. Nos últimos anos o concello sufriu unha perda de poboación debido ó envellecemento poboacional e a regresión do sector primario.

Desde o punto de vista socioeconómico o concello de Monterroso caracterízase polo elevado peso do sector primario, aínda que algunhas familias do núcleo urbán adócense ó sector servizos. Tamén hai pequenas industrias, que representan o 15% da actividade económica.

O Concello de Antas de Ulla, situado na provincia de Lugo a 45 kilómetros da capital provincial, ubícase no Centro Xeográfico de Galicia. Limita ó norte con Palas de Rei, ó sur con Taboada e a provincia de Pontevedra, no leste con Monterroso, e no oeste coa provincia de Pontevedra.

Situado na vertente norte da Serra do Farelo, a súa paisaxe, eminentemente marcada polo

Monte Farelo (956 m) e o río Ulla, caracterízase por sinuosas montañas que rodean a conca do río, formando unha planicie de suave relevo cuberta por grandes extensións de árbores, sendo os máis característicos os carballos e castiñeiros.

Cunha superficie de 104 km² conta con 2600 h distribuídos en 28 parroquias que albergan uns 100 núcleos poboacionais.

A economía do municipio basease no sector primario, principalmente agricultura e gandería, que ocupa ó 60% da poboación activa. Compre subliñar a relevancia da gastronomía, con tres produtos que a lideran: o pan de Antas, o queixo da Ulloa e maila carne.

b) Centros adscritos.

A maior parte do alumnado que acude ao centro procede dos centros de primaria adscritos o noso IES, estes centros son:

- C.E.I.P. de Monterroso.
- C.E.I.P. de Antas de Ulla

Estas dúas poboacións están integradas dentro da comarca da Ulloa, marcada pola configuración natural do río Ulla, vértebra principal que inflúe na distribución territorial da poboación.

c) Ensinanzas que oferta.

Actualmente, no centro impártense as seguintes ensinanzas.

E N S I N A N Z A S	Educación Secundaria Obrigatoria			Primeiro	
				Segundo	
				Terceiro	
				Cuarto	
	Educación non Obrigatoria	Bacharelato	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais	Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais.	Primeiro e segundo
			Modalidade de Ciencias		
		Formación Profesional	Formación Profesional Básica “Informática e Comunicación”		Primeiro
			Ciclo Formativo de Grao Medio “Sistemas Microinformáticos e de Redes”		Primeiro e segundo

d)- Características singulares.

O centro leva organizase dende o curso 2012/2013 con “Aulas Materias”, o que permitiu entre outras cousas a implantación das Bibliotecas de Aula. A avaliación positiva realizada dende entón animanos a continuar coa súa implantación e a mellorar este xeito de organizarnos.

O IES de Monterroso leva dende o ano 2009 no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares.

En xuño de 2010 participamos no concurso a nivel nacional “ Boas Prácticas na Biblioteca Escolar” onde acadamos un segundo premio na modalidade de Ensino Secundario.

Funciona unha “Biblioteca Familiar” que achega títulos relacionados coa educación e a aprendizaxe ás nais e pais do noso alumnado. Este curso funcionaron catro clubs de lectura, dos de rapaces e un de pais/nais, onde o profesorado, os pais/nais e xente do pobo nos mesturamos

para desfrutar da lectura. Na sala do profesorado hai unha biblioteca activa onde o profesorado intercambia e presta os seus títulos preferidos.

Participamos en Edixgal.

O equipo directivo dinamiza e apoia as distintas iniciativas que xorden e está inmerso e comprometido en tódalas actividades que se organizan e nas que participamos.

As actividades propostas serán reflectidas na páxina do centro:

<http://www.edu.xunta.es/centros/iesmonterroso/>

2.2- Características do alumnado.

Este centro é o único da vila polo que todo o alumnado escolarízase nel.

Os fillos de funcionarios do centro de penitenciaría chegan de todas as rexións ata aquí. Tamén obsérvase un fluxo de emigrantes retornados procedentes do País Vasco e Cataluña. O mesmo tempo, cada ano estase a producir un incremento de inmigrantes procedentes de Portugal e Sudamérica.

Outra institución que aporta alumnado a este centro é a “Casa de Acollida” de menores que atende a menores en situación de desprotección e leva funcionando dende fai moitos anos.

Todas estas familias envían os seus nenos ao único instituto do pobo, o IES de MONTERROSO, o que contribúe á singularidade e riqueza cultural do noso alumnado.

Achéganse, tamén, ao noso centro educativo, rapaces de concellos fronteirizos, Taboada e Portomarín.

Lingua materna dominante. O alumnado escolarizado no centro é maioritariamente galego falante.

Alumnado con NEAE no curso actual.

Un dos aspectos máis salientables é a diversidade inherente as características individuais de cada alumno e alumna. Esta diversidade maniféstase nas diferentes formas de pensar e proceder máis ou menos indutivas, dedutivas, creativas, críticas...É facilmente contrastable a diferenza no dominio dos coñecementos previos que facilitan a adquisición de aprendizaxes de niveis superiores.

Tamén son diversos, entre o alumnado, os contidos de estudo, os métodos de traballo e os niveis de interese e motivación, situación que se fai máis evidente co paso do tempo. Igualmente, son diferentes na capacidade de centrarse no traballo e na cantidade e calidade dos contidos de aprendizaxe.

No centro tamén se escolariza alumnado procedente de minorías étnicas e culturais.

Ademais, das características diferenzas inherentes á totalidade do noso alumnado, podemos sinalar a escolarización no centro de alumnado con Necesidades Educativas Específicas de Apoio Educativo. Dentro desta categoría no curso actual está escolarizado o seguinte alumnado:

✓ **Alumnado con necesidades educativas especiais, asociadas a alteracións do comportamento por presentar TDAH.**

✓ **Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de condicións persoais ou historia escolar asociadas con:**

- **Pertenza a minorías étnicas, situación sociocultural desfavorable e atraso escolar.**
- **Situación sociocultural desfavorable e medidas de protección e tutela.**
- **Situación sociocultural desfavorable grave.**
- **Alumno con sospeitas de acoso escolar.**
- **Problemas de saúde.**
- **Alumna con antecedentes de longa hospitalización.**

Os problemas sociais detectados son: abandono escolar, absentismo, familias desestruturadas, alumnado de integración tardía. De xeito puntual obsérvanse casos de acoso escolar.

Aparte da labor docente, consideramos moi importante a influencia que os docentes exercemos como modelo e guía, nesta etapa tan complexa que é a adolescencia, xa que isto posibilita que as perspectivas do alumnado se amplíen e enriquezan.

3.- Obxectivos

ESO

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do

coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

BACHARELATO

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con

discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. Secuenciación e temporalización dos contidos

4.1 .Secuenciación e temporalización dos contidos 1ºESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probos tipo exame	
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións		
1ª Avaliac.	1	Bloque 3. Debuxo técnico			SET	10 sesións	NON HAI PROBA TIPO EXAME
		B3.1.	Elementos xeométricos fundamentais: punto, liñas e direccións. Posicións relativas entre rectas: paralelas, cortantes e perpendiculares.				
		B3.2.	Manexo da escuadra e cartabón para o trazado de paralelas, perpendiculares e rectas a 45°.		NOV		
		B3.3.	Circunferencia e círculo. A circunferencia como lugar xeométrico básico no plano.				
		B3.4.	Manexo do compás. Dividir a circunferencia en dous, catro, seis ou oito partes iguais, usando o compás. Realizar motivos decorativos co manexo do compás.				
		B3.5.	Ángulos. Clasificación de ángulos y posicións relativas.				
		B3.6.	Trazado de ángulos con escuadra e cartabón.				
		B3.7.	Realizar operacións con ángulos. Medidas angulares. Transporte de medidas angulares.				
		B3.8.	Bisectriz dun ángulo. A bisectriz como lugar xeométrico básico no plano.				
		B3.9.	Concepto de medida. Operacións con segmentos coa axuda da regra ou utilizando o compás.				
		B3.10.	Mediatriz dun segmento. A mediatriz como lugar xeométrico básico no plano.				
		B3.11.	Teorema de Thales. Aplicacións do teorema de Thales para dividir un segmento en partes iguais e para a escala dun polígono.				
	B3.12.	B3.12. Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.					
	2	B3.13.	Triángulos. Clasificación dos triángulos en función dos seus lados e dos seus ángulos. Propiedade fundamental dos triángulos.		NOV DEC.	14 sesións	
		B3.14.	Construción de triángulos.				
		B3.15.	Liñas e puntos notables dos triángulos. Alturas, medianas, bisectrices e mediatrices dos triángulos.				
		B3.16.	Triángulo rectángulo: características e construción dun.				
		B3.17.	Cuadriláteros: clasificación e propiedades.				
		B3.18.	Construción de cuadriláteros.				
		B3.19.	Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.				
B3.20.	Construción de polígonos regulares inscritos nunha circunferencia.						
1,2	Bloque 1. Expresión plástica			Todo trimestre			
	B1.12.	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.					
2ª Avaliac.	Bloque 1. Expresión plástica			XAN	NON HAI PROBA		
	B1.1.	Elementos configurativos da imaxe: punto, liña e plano.					

		B1.2.	Aprecio do uso que os/as fan do punto, a liña e o plano plano para aplicalo nas súas composicións.	ABR	23 sesións	TIPO EXAME
		B1.3.	O punto como o elemento máis sinxelo na comunicación visual.			
		B1.4.	Posibilidades gráficas e expresivas da liña en relación ao seu trazado, o seu grosor ou a súa velocidade.			
		B1.5.	Calidades do plano como elemento compositivo e como construtor de volume.			
		B1.6.	Elementos de expresión plástica: liña, textura e cor.			
		B1.7.	Composición: elementos.			
		B1.8.	O ritmo na composición.			
		B1.9.	cor coma fenómeno físico e visual. Mestura aditiva e mestura substractiva.			
		B1.10.	Círculo cromático. Cores complementarias			
		B1.11.	Texturas naturais e artificiais. Capacidade expresiva das texturas.			
		B1.12.	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.			
	3ºAvaliac.	4	Bloque 2. Comunicación audiovisual		ABR XUÑ O	18 sesións
B2.1.			Imaxe e a comunicación visual. Iconicidade. Graos de iconicidade. Imaxe figurativa e imaxe abstracta.			
B2.2.			Comunicación visual. Símbolos e iconas.			
B2.3.			O cómic: medio de expresión. Linguaxe do cómic.			
B2.4.			Comunicación visual: características e elementos que interveñen nela.			
B2.5.		Funcións das mensaxes na comunicación visual e audiovisual.				
		Bloque 1. Expresión plástica				
	B1.12.	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas.	Todo trimestre			

4.1 .Secuenciación e temporalización dos contidos 3ºESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probhas tipo exame
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B.3	Bloque 3. Debuxo técnico	SET OUT	10 sesións	NON HAI PROBA TIPO EXAME
		B3.1.	Lugares xeométricos fundamentais. Circunferencia, mediatriz, bisectriz e mediana.			
		B3.2.	Polígonos. Polígonos regulares e irregulares. Clasificación dos polígonos.			
		B3.3.	Construción de polígonos regulares dado o lado.			
		B3.4.	Tanxencias e enlaces. Propiedades e consideracións xeométricas das tanxencias.			
		B3.5.	Tanxencias e enlaces en curvas técnicas: óvalos e ovoides.			
		B3.6.	Propiedades e características das tanxencias en óvalos e ovoides.			
	2	B3.7.	Enlaces en curvas técnicas. Espirais: propiedades e características.			
		B3.8.	Redes modulares: cadrada e triangular	NOV	4 sesións	
	3	B3.9.	Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.	OUT DEC		
		B3.10.	Representación obxectiva de sólidos. Introducción aos sistemas de medida e sistemas perspectivivos. Vistas diédricas dun sólido.			
		B3.11.	Introdución ás axonometrías e ás súas características. Axonometría cabaleira aplicada a volumes sinxelos.			
	1,2,3	B3.12.	Axonometría isométrica aplicada a volumes sinxelos.	Todo trimestre		
B.1		Bloque 1. Expresión plástica				
2ª Avaliac.	4	B.1	Bloque 1. Expresión plástica	Todo trimestre		NON HAI PROBA TIPO EXAME
		B1.1	Proceso creativo. Métodos creativos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.			
		B1.2	O proceso creativo desde a idea inicial ata a execución definitiva.			
		B1.3	A imaxe como representación da realidade. Iconicidade na imaxe gráfica. Niveis de iconicidade.			
		B1.4	O bosquejo ou apuntamento como estudo previo ao resultado final.			
		B1.5	Natureza da cor. Cor luz e cor pigmento.			
		B1.6	Temperatura da cor.			
		B1.7	Simbolismo da cor.			
		B1.8	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas			
3ª Avaliac.	5	B.2	Bloque 2. Comunicación audiovisual	ABR MAIO	4 sesións	NON HAI PROBA TIPO EXAME
		B2.1	Percepción visual. Proceso perceptivo.			
		B2.2	Constantes perceptivas de forma, tamaño e cor.			
		B2.3	Ilusións ópticas.			
	B2.4	Leis ou principios da Gestalt.				
6	B2.6	Linguaxe visual. Signo visual. Significante e significado	10 sesións			

		B2.7	Linguaxe da imaxe. Aprender a ler a imaxe	MAIO XUÑ	
		B2.8	Denotación e connotación.		
		B2.9.	Fotografía. A fotografía como medio de comunicación.		
		B2.10.	Linguaxes visual e audiovisual: funcións e códigos.		
		B2.11.	Recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.		
		B2.12.	Publicidade: principais recursos visuais empregados nela.		
		B2.14.	Linguaxe multimedia como ferramenta de traballo.		
7		B2.5.	Imaxe en movemento: posibilidades expresivas	XUÑ	4 sesións
		B2.13.	Cine. O cine como medio de comunicación.		
		Bloque 1. Expresión plástica			
Todas las unid	B1.8	Materiais e técnicas de debuxo e pintura. Técnicas plásticas: secas, húmidas e mixtas		Todo trimestre	

4.3. Secuenciación e temporalización dos contido 4º ESO

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probab tipo exame
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B.1	Bloque 1. Expresión plástica	SET OUT	6 sesións	NON HAI PROBA TIPO EXAME
		B1.1	A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.			
		B1.2.	Leis da composición.			
		B1.3.	Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza			
		B1.4.	Cor como ferramenta simbólica.	OUT DEC	18 sesións	
		B1.5	Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.			
		B1.6	Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creacións propias.			
		B1.7	Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.			
		B1.8.	Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).			
		B1.9.	Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.			
B1.10.	Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.	SET OUT	6 Sesións Explicara			

		B1.11.	Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico		nse xunto co tema de composición	
2ºAvaliac.	2	B2	Bloque 3: Debuxo Técnico	Mes	Sesións	NON HAI PROBA TIPO EXAME
		B2.1.	Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.	Todo o trimestre	12 sesións	
		B2.2.	Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.			
		B2.3.	Tanxencias e enlaces.			
		B2.4.	Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.		10 sesións	
		B2.5.	Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.			
		B2.6.	Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico.			
		B2.7.	Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.			
		B2.8.	Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.			
		B2.9.	Perspectiva cónica central.			
		B2.10.	Perspectiva cónica oblicua.		2 sesións	
		B2.11.	Análise das posibilidades da posición do punto de vista.		1 sesión	
	B2.12.	Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	1 sesión			
	3	B3	Bloque 3. Fundamentos do deseño		11 sesións	NON HAI PROBA TIPO EXAME
		B3.6.	Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. Planificación dun proxecto artístico.			
B3.7.		Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.				
B3.8.		Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.				
		B3.9.	Informática ao servizo dos proxectos de deseño			
		B3.10.	Concepto de simetría, xiro e translación aplicado as composicións modulares.			
			Bloque 1. Expresión plástica			
Todas as unid.	B1.5	Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	Todo trimestre			

		B1.6	Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.		
		B1.7	Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.		
3ªAvaluac.		B4	Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia	Mes	Sesións
	3	B4.1.	Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.	Todo o trimestre	6 sesións
		B4.2.	Realización dun storyboard.		
		B4.3.	Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.		
		B4.4.	Criterios estéticos na elaboración de fotografías.		4 sesións
		B4.5.	Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.		
		B4.6.	Creación dixital de imaxes.		
		B4.7.	Deseño dun proxecto publicitario		17 sesións
		B4.8.	Desenvolvemento dun proxecto persoal.		
		B4.9.	Análise crítica da linguaxe publicitaria.		
			Bloque 1. Expresión plástica		
	Todas as unid.	B1.5	Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.	Todo o trimestre	
B1.6		Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias.			
B1.7		Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.			

Nota: a temporización e orientativa moitos dos contidos serán explicados e traballados de forma conxunta xa neste curso algúns das traballos a realizar son tipo proxectos, nos que se solapan diferentes contidos e non sempre de xeito lineal.

4.3. Secuenciación e temporalización dos contido 1º BAC Debuxo Artístico

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Temporalización		Probab tipo exame
	Tema / U.D.	Bloque	Contido	Mes	Sesiões	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1: O debuxo como ferramenta	Todo o trimestre		UNHA PROBA TIPO EXAME
		B1.1.	Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.			
		B1.2.	Expresión da subxectividade.			
		B1.3.	Materiais, utensilios e soportes básicos.			
		B1.4.	Introdución ás técnicas secas e á súa aplicación			
		B2	BLOQUE 2: Liña e forma			
		B2.1.	Elementos básicos na configuración da forma. A liña como elemento configurador.			
B2.2.	A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.					
2ª Avaliac.	3	B1	BLOQUE 1: O debuxo como ferramenta	Todo o trimestre		UNHA PROBA TIPO EXAME
		B1.2.	Expresión da subxectividade.			
		B1.3.	Materiais, utensilios e soportes básicos.			
		B1.4.	Introdución ás técnicas secas e á súa aplicación			
	B3	BLOQUE 3: A composición e os seus fundamentos	XAN	15		
	B3.1.	Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.	FEBR	sesións		
	B3.2.	Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.				
	B4	BLOQUE 4: A luz. O claroscuro e a textura	FEBR	15		
	B4.1.	A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro.	MAR	sesións		
	B4.2.	A construción das sombras. Valores tonais.				
4	B4.3.	Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.				
3ª Avaliac.	5	B1	BLOQUE 1: O debuxo como ferramenta	Todo o trimestre		UNHA PROBA TIPO EXAME
		B1.2.	Expresión da subxectividade.			
		B1.3.	Materiais, utensilios e soportes básicos.			
		B1.4.	Introdución ás técnicas secas e á súa aplicación			
		B5	BLOQUE 5: A cor			
		B5.1.	Teoría da cor. Natureza. Dimensións e comportamento da cor.			
		B5.2.	Expresividade da cor.			

Nota: a temporalización e orientativa moitos dos contidos serán explicados e traballados de forma conxunta..

3.6. Secuenciación e temporalización dos contidos 2º BAC Debuxo Artístico

PV	Prevención da violen

6.- Metodoloxía

1.- Estratexias metodolóxicas

1.Aspectos xerais

Os principios metodolóxicos nos que se asenta este proxecto están directamente relacionados cos dous conceptos básicos que configuran esta materia:

saber ver e saber facer.

Un dos preceptos metodolóxicos fundamentais nesta área é a incorporación significativa dos contidos á estrutura cognitiva do alumno/a. Este, debe ser capaz de ver a funcionalidade dos novos contidos a medida que os aprende.

Os contidos expoñeranse dun xeito progresivo cara á complexidade. Este plantexamento de organización configura tamén a secuenciación cíclica dos contidos máis complexos, estes se estudarán en varios cursos seguindo unha gradación no nivel de dificultade, de xeito que nos cursos máis baixos se tratan a modo de iniciación e se chega a unha especialización no último curso da etapa.

A programación da materia pasa por unha intervención planificada segundo os seguintes puntos:

- | | |
|---|---------------------------------|
| 1 - Avaliación dos coñecementos previos | 4 - Programación de actividades |
| 2 - Selección dos estándares máis importantes | 5 - Aprendizaxe |
| 3 - Método de traballo | 6 - Avaliación |

Así mesmo teremos en conta :

- A atención a diversidade respectando os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Potenciamos as metodoloxía activas como combinar traballo individual e cooperativo
- Enfoque orientado á realización de tarefas e resolución de problemas
- Uso habitual das TIC tanto na explicación dos contidos como na elaboración de actividades
- Papel facilitador do profesor/a, axudando ao alumnado nas súas dúbidas, organizando os traballos en grupo de forma heteroxénea e equilibrada.

2.Estratexias metodolóxicas

A área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual caracterízase polos contidos procedimentais e é unha área activa. Son, polo tanto, as actividades un dous pilares básicos no desenvolvemento do proxecto. As actividades clasificaranse do xeito seguinte:

- | | | |
|------------------|----------------------|---------------------|
| - de observación | - de autoaprendizaxe | - de interpretación |
| - de apreciación | - de autoexpresión | |

e as súas características serán:

- | | | |
|---------------|------------|-----------------|
| - variadas | - abertas | -significativas |
| - motivadoras | - diversas | |

Posibles estratexias:

- Indagación e investigación sobre artistas ou movementos artísticos,...
- Realización de láminas(producións dos alumnos) ou proxectos atractivos
- Traballos grupais e traballos individuais

3.-Secuenciación habitual de traballo na aula

O proceso metodolóxico basearase na presentación da información dun xeito claro e conciso no que se é posible o alumno/a teña algún referente no seu mundo cotián, na procura de empatía e motivación. A estrutura xeral das unidades, que se adapta na programación de aula, será a seguinte:

- 1.- Esquema estrutural da unidade: da teoría á práctica.
 - exposición clara, concisa e directa
 - exemplificación
- 2.- Aplicación dedutiva: da práctica á teoría.
 - prantexamento de actividades
 - resolución de exercicios
 - corrección e avaliación formativa
- 3.-Aplicación creativa: propostas creativas.
 - avaliación sumativa
 - cualificación
- 4.- Avaliación dos resultados da unidade segundo estándares correspondentes as mesmas

2.- Outras decisión metodolóxicas

1.- Agrupamentos

Esta medida non afecta ao Departamento de Artes Plásticas.

2.-Tempos

Os tempos de aprendizaxe dependerán de varios factores:

- As características do grupo/clase
- Ritmos de aprendizaxe
- A complexidade da unidade didáctica a traballar
- Perda de sesións por cuestións alleas ao Departamento

Sen ter en conta estes factores normalmente dedicarase unha ou dúas sesións a as explicacións teóricas dedicándose o resto das sesións a realización de producións do alumnado.

3.-Espazos

O Departamento conta cas seguintes espazos de traballo:

- Aula materia de Plástica , que conta con 30 postos individuais, 3 grandes mesas para traballos en grupo, 2 pias de auga, 2 armarios, varios estantes e taboleiros de exposición, e cabaletes.
- Aula materia de Debuxo Técnico con 15 postos equipados con paralex.
- Tamén é responsable este Departamento do laboratorio de fotografía, que a pesar de que neste momento non está en funcionamento pero que poderíamos dispoñer del se o precisáramos.

Ademais tamén soemos empregar os seguintes espazos do Centro:

- Corredores para exposicións.
- Biblioteca do instituto.

- Aula de audiovisuais. Con 30 ordenadores, este feito permitiramos que dispoñer dun ordenador para cada alumno/a e que coñezan e practiquen as posibilidades das novas tecnoloxías na educación Plástica e Visual.
- Aulas Abalar.
- Ordeadores Edixgal.

4. Materiais

O Departamento non contempla, polo momento, o emprego dun libro de texto obrigatorio, e cre máis no desenvolvemento persoal do material curricular. Co que elaboramos o noso propio material e actividades, adecuándonos aos intereses e necesidades do alumnado cada curso.

Para o traballo diario segundo a unidade a tratar o Departamento posúe ferramentas específicas:

- Dous proxectores: un de diapositivas e outro de transparencias
- Canón para o ordenador.
- 1 ordenadores (en cada aula): un ordenador de mesa propio con conexión á rede do centro e con acceso a Internet e un canón de proxección fixo na aula que nos é de moita utilidade nas explicacións teórica.
- Pinceis, paus de modelado, tesoiras, coitelas, gubias, rolos, etc.
- Tórculo de gravado .
- Ordenadores para os alumno/as para a ESO (Edixgal).
- Biblioteca de Aula.

5. Recursos didácticos

Empregamos entre outros recursos actividades vistas en manuais ou blogues de plástica, como Las TIC en Plástica, Educaciónplástanet. ou Maribleduca

Ademais da Aula Virtual ou Moodle, e Edixgal onde colgamos diverso material didáctico de utilidade para o noso alumnado.

7.-Avaliación. Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

1.Procedementos da avaliación inicial

Ao comezar o curso, durante a primeira ou segunda semana do curso, procederase a realizar unha proba inicial, en 1º , 3º e 4º para avaliar o nivel de coñecementos dos alumno/as, que consistirá nunha serie de exercicios e preguntas nas que se reflectirá o desenvolvemento das capacidades e os aspectos persoais que nos poidan dar información acerca dos alumno/as , para saber o punto de partida na nosa materia, e prever as necesidades e dificultades do grupo, sabendo así de ante mao en que aspectos da programación debemos prestar máis atención, así si mesmo poderamos axudar a hora de distribuír a clase.

Os aspectos a avaliar neste momento serán:

- Capacidade expresiva e artística.
- Creatividade.
- Nivel de desenvolvemento da capacidade de observación.
- Coñecemento de vocabulario e terminoloxía da materia.
- Nivel xeral de madurez.

Así como a observación do alumno no referente a cuestións actitudinais como:

- O respecto tanto os compañeiros como o profesor

- A realización das tarefas e participación na clase
- Os hábitos de traballo e estudo

Estes resultados serán postos en común na xunta de avaliación realizada habitualmente na primeira semana de outubro. Ca posterior comunicación a familia por parte do titor.

No caso de BAC avaliaremos mediante os exercicios realizados nas 1º semanas de curso.

2. Acreditación de coñecementos previos (se fose preciso)

Que procedemento se seguirá?

- a) X Matrícula como pendente
- b) Proba

De optar pola PROBA

- a) Que tipo de proba?

Debuxo Artístico: proba será tipo práctica e consistirá na realización dun debuxo a lápiz dun bodegón presentado pola profesora, a observación, análise, e representación da realidade tendo en conta as proporcións dos obxectos representados, a composición, a perspectiva dos obxectos e claoscuro para conseguir unha aparencia tridimensional.

O segundo debuxo a realizar consistirá unha interpretación a cor dunha obra de arte. Neste exercicio valorarase a capacidade de reproducir o imaxinado, a creatividade, e a correcta elección da técnica elixida.

Duración da proba 1 hora e 30 minutos.

Debuxo técnico: consistirá nunha batería de exercicios dos diferentes bloques cun total de 5 preguntas no que alumnado demostré os seus coñecementos de la materia.

- b) Como se avaliará?

Como apto ou non apto segundo o alumno supere as cuestións a mencionadas no punto a.

3. Procedemento de avaliación continua.

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

ESO

Non se realizarán probas escritas.

BACHARELATO

Debuxo técnico I e II, poderemos realizar ata dúas por trimestre (ver punto 4 da programación) dependendo da densidade ou complexidade das unidades e das necesidades do alumnado.

Debuxo artístico I e II, realizarase unha proba práctica, por trimestre.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo,....

Dentro do Departamento de Artes Plásticas avaliamos os estándares cos instrumentos e segundo as cualificacións que expoñemos a continuación:

PRODUCCIÓN DO ALUMNADO AULA-CLASE

Cada unha das **láminas** (produccións)que realice o alumnado recibirá unha nota do 0 a 10. **Traballos de investigación**, puntuarase de 0 a 10, nos estándares correspondentes. Os **traballo colectivos** recibirán o mesmo tratamento que os individuais do 0 a 10.

A **observación** puntuarase do 0 a 10.

PROBAS ESCRITAS TIPO EXAME

As probas escritas ou prácticas, tipo exame. Terán un valor de 1 ao 10.

Non realizaremos **redondeo**.

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

A nota de cada avaliación (1º, 2º, ou 3º) será o resultado de realizar a media ponderada das láminas realizadas e apricarlle o porcentaxe correspondente (consultar punto 5 da programación).

A nota da avaliación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións.

A nota da avaliación extraordinaria será o resultado obtido na proba extraordinaria de setembro.

Realizaremos **redondeo** na nota, so se realizará na avaliación final, cando esta supere 0,5 o número enteiro da mesmo. Ex.: 5,6=6.

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

A observación levarase a través dun rexistro sobre a as actitudes do alumno como a limpeza na aula ou o achegamento, uso, e coidado do material, así como a respecto ao traballo O rexistro xunto cunha observación descritiva serviramos para obter unha nota do 0 a 10.

Como se recupera unha proba non superada?

ESO

Dentro da área de Educación Plástica primamos o carácter práctico da mesma, o instrumento máis importante para o noso Departamento serán as láminas, ou producións dos alumnos/a.

O alumnado poderá recuperar as producións non superadas tras a corrección das mesmas, realizándoas de novo.

BACHARELATO

Debuxo Artístico

Non será necesario que alumno/ repita as probas tipo exame se a media das diferentes instrumentos de avaliación lle permiten acadar un 5 na nota final de cada avaliación, senón fose o caso podería repetir a proba da avaliación ou avaliacións suspensas.

Debuxo Técnico

Non será necesario que alumno/ repita as probas tipo exame se a media das diferentes instrumentos de avaliación lle permiten acadar un 5 na nota final de cada avaliación, senón fose o caso podería repetir a proba da avaliación suspensa ou avaliacións suspensas.

Como se recupera unha avaliación non superada?

ESO

O procedemento a seguir na ESO para o alumnado que non acada un 5 na nota de cada trimestre será a repetición ou elaboración das producións ou traballos non superados que lle permitan superar os estándares suspensos e polo tanto recuperar a avaliación.

BACHARELATO

Debuxo Artístico

Na caso que un/unha alumno/a non supere unha avaliación poderá recuperala repetindo as producións, traballos de investigación, non superadas ou realizadas.

Ademais da repetición ou elaboración das láminas poderase levar a cabo unha proba final

Debuxo Técnico

En Bacharelato, na materia de Debuxo Técnico, poderase recuperar a avaliación mediante unha proba práctica, que se realizará normalmente unha vez pasada a avaliación, na 1º e 2º avaliación, e na 3º avaliación realizarase na mesma avaliación ,así mesmo o alumnado poderán entregar as produción con mala puntuación ou non realizadas , sempre despois de cada avaliación, e na 3º na propia avaliación.

No caso de Bacharelato ademais da repetición ou elaboración das láminas poderase levar a cabo unha proba final senón acadara un 5 na media aritmética das tres avaliacións.

4.Procedemento avaliación final..

Quen debe ir á avaliación final?

Na ESO bastará con que realicen as láminas nos superadas ou non entregadas.

So contempla un exame de avaliación final en Bacharelato que deberán realizar aqueles alumnos/as que non acaden o 5 na media aritmética da 1º, 2º e 3º avaliación.

En que consistirá a proba ?

Debuxo Técnico

Nunha proba tipo exame práctico, con 3 preguntas (1ª pregunta geometría 3 puntos, 2ª pregunta diédrico 3,5 y sistemas axonometrico y croquización 3,5)

Debuxo Artístico

Nunha proba tipo exame cunha parte práctica; realización dun bodegón a lápiz e unha interpretación dunha obra de arte a cor(5 puntos por cada exercicio)

Que estándares se van avaliar? Avaliación pendentes, todos, ...

A elección dos estándares a avaliar virá dada polos estándares que se avaliaron mediante probas tipo exame nas diferentes avaliacións, mirar táboas do punto número 5 da programación.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeo , etc?

A cualificación final será acadada na proba final.

Non realizaremos redondeo.

Que criterios segue o centro para a promoción?

Os criterios que segue o centro para a promoción e repetición da ESO na LOMCE son os seguintes:

ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (Cursos 1º ESO e 3º de ESO).

O Decreto 86/2015 polo que se establece o currículo na educación secundaria obrigatoria e o bacharelato en Galicia, establece no artigo 23 as condicións xerais de promoción e repetición, e deixa a criterio dos centros certa autonomía para regular a excepcionalidade, é dicir establecer as circunstancias ou condicións, **de promoción con 3 materias suspensas e que simultaneamente se dean certas condicións e con 2 materias suspensas Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.**

CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

a) Condicións xerais:

- Cando o alumnado supere todas as materias cursadas.
- Cando o alumnado teña nas materias cursadas, 2 materias avaliadas negativamente que non sexan simultaneamente Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- O alumnado que promocioe sen superar todas as materias deberá matricularse das materias non superadas, seguirá os programas de reforzo que estableza o equipo docente e deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos programas de reforzo.

b) Condicións excepcionais.

Poderá autorizarse de modo excepcional a promoción do alumnado nas seguintes situacións:	
<p>Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado con avaliación negativa en 3 materias cando se dean simultaneamente as seguintes condicións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que dúas das materias con avaliación negativa non sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura, e Matemáticas, ▪ Que o equipo docente considere que a natureza das materias con avaliación negativa non impide ao alumno ou alumna seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, ▪ Que se apliquen ao alumno as medidas de atención educativa propostas no consello orientador. 	<p>Aprobado en CCP e Claustro, excepcións: Por causa de forza maior xustificada pola que non poda acudir aos exames de setembro.</p> <p>Posibilidade de continuidade de estudos ou de evolucionar positivamente nos casos de : Períodos prolongados de hospitalización Operación cirúrxica Falecemento familiares 1º grao Excepcionalidade para promoción ou titulación, alumnado de orixe estranxeiro con Linguas suspensas.</p>
<p>Decreto 86/2015 artigo 23.2. Alumnado con avaliación negativa en 2 materias cando son simultaneamente Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.</p> <p>“cando o equipo docente considere que o alumno ou alumna pode seguir con éxito o curso seguinte, que ten expectativas favorables de recuperación e que a promoción beneficiará a súa evolución académica, e sempre que se apliquen ao alumno ou alumna as medidas de atención educativa propostas no consello orientador”.</p>	<p>As anteriores excepcionalidades teranse en conta sempre e cando a suma das notas das materias pendentes/suspensas non sexa inferior a: 2 materias...7 3 materias...10</p> <p>Non cabe excepcionalidade cando se de calquera destas circunstancias: as materias suspensas son catro.</p> <p>Observe abandono manifesto nalgunha das materias suspensas.</p>

CRITERIOS DE REPETICIÓN.

Condicións xerais:

En relación aos cursos.

- Quen non promocioe deberá permanecer un ano máis no mesmo curso.
- Pódese repetir o mesmo curso unha soa vez.
- Pódese repetir dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición deba producirse en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade (ata os 19 anos cumpridos no ano no que finalice o curso).
- Excepcionalmente, poderase repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.
- En todo caso, as repeticións estableceranse de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumno ou da alumna e estean orientadas á superación das dificultades detectadas.

- A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades do alumno.

En relación ao número de materias.

- Alumnado con avaliación negativa en 3 ou máis materias.
- Alumnado con avaliación negativa en 2 materias que sexan Lingua Castelá e Literatura con Matemáticas e Lingua Galega e Literatura con Matemáticas.
- As materias coa mesma denominación en diferentes cursos da ESO consideráranse como materias distintas.

ANEXOS.

En relación coa 2ª repetición de 3º ou 4º de ESO

En relación coa promoción en 1º ESO.

Situación	Decisión de promoción /repetición	Observacións
Suspende LC e Bioloxía	Promociona	Suspende 2
Suspende LG e Inglés	Promociona	Suspende 2
Suspende LC e LG	Promociona	Suspende 2
Suspende LG e Matemáticas	Repíte	Agás, motivo de excepcionalidade.
Suspende Matemáticas, Bioloxía, CCSS	Repíte	Agás, motivo de excepcionalidade (3 materias distintas de LCL con Mat. E LGL con Matem)
Suspende Matemáticas, Bioloxía, Oratoria	Promociona	Suspende 2 (oratoria e de Libre Configuración Autonomía que non conta)
Suspende LGL, LCL, CCSS, Oratoria	Repíte	Agás motivo de excepcionalidade, a efectos de promoción ten 3 materias
LGL, Xadrez, CCSS	Promociona	Ten 2 o Xadrez e materia de Libre configuración Autonómica, a efectos de promoción ten 2.

No caso de repetir curso promóciona independentemente do número de materias suspensas e do tipo de materias .

En relación con alumnado de 2º de ESO con pendentes de 1º de ESO (LOE curso 2014/2015).

Situación	Decisión de promoción / repetición	Observacións
Suspende Matemáticas de 2º de ESO e ten pendente CCNN (LOE) de 1º ESO	Promociona	Ten dúas materias, a efectos de promoción contan as suspensas dos cursos anteriores.
Suspensas Lingua Castelá e Literatura (1º ESO LOE), Ciencias da Natureza (2º ESO), Matemáticas (2º ESO)	Non promóciona	Ten 3 materias suspensas e ademais 2 das materias suspensas son LCL e Matemáticas.
Suspende Lingua Galega e	Non promóciona	Ten 2 materias suspensas que son LGL e

Literatura (1º ESO LOE) Matemáticas de 2º ESO		Matemáticas.
Suspende Francés de (1º ESO LOE) e Matemáticas (2º ESO)	Promociona	Ten 2 materias suspensas que son Francés e Matemáticas.

Situación	Decisión	Observacións
Alumnado de 1º ESO. Repite un 1 curso en primaria + 1º de ESO, promociona a 2º de ESO (logra promocionar), cursa 3º de ESO (repite 3º ESO)	2ª repetición en 3º de ESO si logra promocionar a 4º ESO, prolongase un ano o límite de idade. (19 anos)	Repetiu 2 veces o longo da etapa, a 2ª repetición é de 3º de ESO.
Alumnado de 3º de ESO. Repite 1 curso en primaria + repetición en 3º ESO (logra promocionar a 4º ESO), repite 4º ESO (2ª repetición)	2ª repetición en 4º de ESO, prolongase un ano o límite de idade (19 anos).	Repetiu 2 veces o longo da etapa, a 2ª repetición é de 4º de ESO
Alumnado de 4º de ESO. Repite 1 curso en primaria + repite 2 veces en 4º de ESO.	2ª repetición en 4º de ESO	Repite 2 veces en 4º de ESO porque non repetiu ningún curso antes en secundaria.
Alumno de 2º de ESO con ACS. Repetiu en 1 curso en primaria +repetiu 1º de ESO +estás repetindo 2º ESO (ACS). Promoción obligada a 3º de ESO.		Xa repetiu 2 veces na ESO, non pode volver repetir.
Alumno de 2º de ESO con ACS. Repetiu 1 curso en primaria+repetiu 1º de ESO, promocionou a 2º de ESO e logra promocionar a 3º de ESO e repite 3º de ESO.	2ª repetición en 3º de ESO, prolongase un ano o límite de idade.	Repite 2 veces en secundaria, a segunda repetición en 3º de ESO.

5.Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

ESO

Realizaremos unha proba que conteña 10 preguntas, as cales poderán ter varios apartados e poderán ser prácticas e teóricas. Cada unha terá un valor de 1 a 10.

BACHERELATO

Debuxo Artístico

Nunha proba tipo exame cunha parte práctica; realización dun bodegón a lápiz e unha interpretación dunha obra de arte a cor. Cada un dos exercicio vale 5 puntos.

Debuxo Técnico

Nunha proba tipo exame práctico, con 3 preguntas (1ª pregunta geometría 3 puntos, 2º pregunta diédrico 3,5 y sistemas axonometrico y croquización3,5)

Como se cualifica, redondeos, etc?

O alumno/a recibirá unha nota do de 0 a 10, e incluso NP senón asistise ao exame.

Non se realizarán redondeos.

6.Procedemento de recuperación e avaliación de pendentos

Como se fará o seguimento: clases de recuperación, traballos, reunións de seguimento, etc?

A avaliación do mesmo realizarase atendendo a resolución a Orden 21 de decembro do 2007.

O seguimento do alumnado de pendentos realizarase durante os recreos, concretamente o luns, no primeiro recreo, pero o alumno poderá solicitar outro día ou ampliar a asistencia se o precisa e desexa. Nesta reunión repasamos as unidades didácticas de cada avaliación e explicaremos os exercicios a realizar en cada avaliación levando un contro do traballo do alumnado.

Como se avalía? (Avaliacións parciais, avaliación final, cualificación de traballos realizados, etc.)

A avaliación levarase a cabo mediante producións(láminas e traballos) do alumnado, cada lámina recibe un valor do 0 ao 10 aplicándose o mesmos mesmos porcentaxes de avaliación que nos cursos correspondentes(mirar punto cinco da programación) no caso de que o alumno non presente as producións poderá realizar o exame final en maio.

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

O alumnado deberá de realizar tódalas actividades entregadas pola xefa de departamento nas reunións semanais.

Que tipo de proba extraordinaria se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.?

A proba extraordinaria 10 preguntas cun valor de un punto cada unha. De non presentarse a nota será a máis baixa 0.

Como se cualifica, redondeos, etc?

O alumno/a recibirá unha nota do de 0 a 10, e incluso NP senón asistise ao examen a proba de extraordinaria de setembro. Realizaranse redondeos na aalzada a partir do 0,5. Exemplo: 6,5=7.

8.- OUTRAS AVALIACIÓN

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				

5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
8.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará

Nas reunión de Departamento.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Controlaremos o desfase o antes posible, se non puidésemos teríamos que avaliar os estándares que non fosen avaliados nunha avaliación traballaranse e avaliáranse na seguinte, ou suprimíriase algunha das actividades.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica	Escala			
	1	2	3	4
(Indicadores de logro)				
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				

17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?				
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?				
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)				
30.- Seguíuse e revisouse a programación ao longo do curso				
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				
Observacións				

9. ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención durante o presente curso.

MEDIDAS ORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
<p>1. Adecúase a estrutura organizativa do centro e/ou da aula para algún alumno/a ou grupo?</p> <p>a-Tempos diferenciado, horarios específicos, etc</p> <p>Non se leva a cabo ningunha medida especial</p> <p>b-Espazos diferenciados?</p> <p>Os alumnos/as con maiores dificultades sentámoslos/as nas primeiras filas</p> <p>Aula conta con dous espazos diferenciados, un a parte anterior da aula, onde dispoñemos as mesas de xeito individual, e outras na parte posterior onde dispoñemos de tres mesas grandes para realizar traballos en grupo.</p> <p>c-Materiais e recursos didácticos diferenciados?</p> <p>Se algún alumno/a o precisara entregaremos actividades de reforzo ou ampliación, que consisten en actividades sobre a unidade didáctica que estamos a traballar, con maior ou menor dificultade segundo se precise.</p> <p>2. Faise algún desdoblamento de grupos?</p> <p>Non</p> <p>3. Faise algún reforzo educativo e/ou apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria?</p> <p>Non, pero estamos a disposición do alumnado con maiores dificultades nos recreos, tanto para aclarar dúbidas como para solucionar os problemas que fosen xurdindo ao longo do curso.</p> <p>4. Que medidas se propoñen para o alumno enviado á aula de convivencia?</p>	<p>1. Faise algunha adaptación metodolóxica para algún alumno/grupo como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.?</p> <p>Sí, traballo colaborativo entre grupos heteroxéneos.</p> <p>2. Adáptanse os tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a?</p> <p>Se fose necesario sí.</p> <p>3. Existe algún programa de reforzo en áreas instrumentais (LC/LG/MT) para alumnado de 1º e 2º da ESO?</p> <p>Na nosa área non.</p> <p>4. Existe algún programa de recuperación de materias non instrumentais (2º ESO)?</p> <p>Na nosa área non</p> <p>5. Existe algún programa específico para alumnado repetidor da materia?</p> <p>Analizamos se alumnado superara a materia no curso anterior se fose que sí non requiriría ningunha mediada especial se fose que sí avaliaríamos cal foi o motivo e seguiríamos de cerca o traballo e a evolución do alumnado se observásemos que alumno/a seguise a ter dificultades na materia realizaríamos un reforzo educacitivo.</p> <p>Procuramos variar as actividades dun ano</p>

<p>Se enviamos a algún alumno a aula de convivencia no transcurso dunha clase das materias impartidas polo Departamento levará a traballo que están a realizar os compañeiros neses momento.</p> <p>A actividade que están a realizar na clase deberanse continuar na aula de convivencia.</p> <p>5. Desenvólvese algún programa de habilidades sociais?</p> <p>Non</p>	<p>para outro para que o alumnado non se aburra nin confíe.</p> <p>6. Aplicase ese programa específico personalizado para repetidores da materia?.</p> <p>Non</p>
---	---

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS	
Organizativas	Curriculares
<p>1. Canto alumnado recibe apoio por profesorado especialista en PT/AL?</p> <p>Non.</p> <p>2. Existe algún grupo de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro)?</p> <p>Non.</p> <p>3. Existe algún grupo de adaptación da competencia curricular(Al. estranxeiro)?</p> <p>Non.</p> <p>4. Existe algunha outra medida organizativa: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.?</p> <p>Non.</p>	<p>1. Existe algunha Adaptación Curricular na materia? ¿Cantas?</p> <p>Non.</p> <p>2. Foi autorizado para a materia algún agrupamento flexible/específico?</p> <p>Non.</p> <p>3. Existe algún Programa de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento (PMAR)?</p> <p>Sí aínda que non afeca a nosa área procuramos prestarles maior atención dentro do grupo asegurándonos de que supere a materia.</p> <p>4. Flexibilizouse para algún alumno/a o período de escolarización?</p> <p>Non.</p> <p>5. Describir o protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia, os reforzos, apoios, adaptación, etc. (Coordinación cos PT/AL/Outro profesorado de apoio/profesorado agrupamento/ etc.</p> <p>Na nosa área non precisamos apoio dos PT/AL</p>

10. Actividades complementarias e extraescolares

-Actividades extraescolares.

Non temos programada ningunha actividade extraescolar fóra do Centro.

- Actividades complementarias. Postais de Nadal, Murais contras a violencia machista Día da Pensa, Día do Libro,Día do medioambiente.Día da Paz. Este curso formamos parte do proxecto enviado para participar no Club de Letras, no que colaboramos con varias actividades arredor do tema plantexado: A igualdade, a muller na cultura.

-Participación na revista do IES, achegamento de producións dos alumnos.

11. Datos departamento

Materia	Curso	Horas	Grupos	Profesor/a
Educación Plástica ,Visual e Audiovisual	1º ESO	2 horas	A B	Cristina Fernández Castro
Educación Plástica ,Visual e Audiovisual	3º ESO	2horas	A B	Cristina Fernández Castro
Educación Plástica ,Visual e Audiovisual	4º ESO	3 HORAS	A B	Cristina Fernández Castro
Debuxo Artístico I	1º BAC	3 horas	A	Cristina Fernández Castro
Debuxo Técnico I	2º BAC	4 horas	A	Cristina Fernández Castro
Debuxo Artístico II	2º BAC	3 horas	A	Cristina Fernández Castro
Debuxo Técnico II	2º BAC	4 horas	A	Cristina Fernández Castro
Xefe de Departamento				Cristina Fernández Castro

12. Relación coa resolución 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Páxina
A	Introdución e contextualización	5-10
B	Contribución ás competencias básicas	24-40
C	Concreción dos obxectivos para curso	10-12
D	Concreción para cada estándar	13-40
	1º.- Temporalización	
	2º.- Grao mínimo de consecución	
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	
E	Concrecións metodolóxicas	41-55
F	Materiais e recursos didácticos	43
G	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	43-53
H	Indicadores de logro para avaliar o proc.ensino e p.d.	53
I	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	51
J	Procedemento acreditación coñecementos previos	44
K	Avaliación inicial e medidas	43
L	Medidas de atención á diversidade	56-57
M	Concreción de elementos transversais	24-40
N	Actividades complementarias e extraescolares	58
Ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	54